

No documento recóllense os criterios de avaliación para a PAU 2025 da materia 25-Xeoloxía e Ciencias Ambientais, tendo en conta as directrices curriculares de contidos e competencias establecidas no Decreto 157/2022 de 15 de setembro na Comunidade Autónoma de Galicia. A coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa presentación, poderán ser consideradas de forma global, ata un máximo de 1 punto.

PREGUNTA 1. Máximo 2.5 puntos. Valorarase a elaboración dun texto informativo dirixido á cidadanía que inclúa os aspectos relacionados nos apartados 1.1, 1.2 e 1.3.

- 1.1. A inclusión de aspectos informativos relativos coa distribución da auga na Terra facendo fincapé nas augas continentais, ata un máximo de 0.5 puntos.
- 1.2. A inclusión de aspectos informativos relativos coa importancia da auga na Terra, e en particular na saúde dos ecosistemas e na saúde humana, ata un máximo de 1 punto.
- 1.3. A inclusión de aspectos informativos relativos co proceso de eutrofización, en particular a asociada á actividade gandeira, ata un máximo de 1 punto.

PREGUNTA 2. Máximo 2.5 puntos pola análise completa e fundamentada do diagrama conforme ao solicitado nos apartados 2.1 ou 2.2.

- 2.1. Máximo 2,5 puntos:
 - o 0,5 pts. por indicar de xeito razoado os tipos de contacto entre os materiais G-J (contacto intrusivo), I-H (discordancia angular), B-D (discordancia erosiva).
 - o 0,5 pts. pola correcta explicación da formación e evolución do val.
 - o 0,5 pts. por indicar, razoadamente, que o material D se formou durante o Mesozoico nun ambiente mariño.
 - o 0,5 pts. por sinalar, razoadamente, que a probabilidade de formación da aréola de contacto sería entre os materiais P e M, N e P, N e M, e todos os materiais en contacto co material G.
 - o 0,5 pts. por indicar correctamente e de forma razoada, entre que eras xeolóxicas (Paleozoico-Mesozoico) se forma a serie delimitada polos puntos 1 e 2.
- 2.2. Máximo 2,5 puntos por describir correctamente a historia xeolóxica, ordenando cronoloxicamente, do máis antigo ao máis moderno, os materiais que aparecen no corte xeolóxico, e os eventos tectónicos e erosivos ocorridos. 2,5 pts. se a orde cronolóxica é totalmente correcta; 1.75 se hai un erro; 1 se hai dous erros; 0 se hai máis de dous erros no ordenamento; réstase 0,3 por omisión de cada episodio de erosión.
 - o Secuencia: Depósito dos materiais sedimentarios finos nun medio mariño no Paleozoico, identificado pola presenza de Trilobite, que posteriormente deron lugar a lousas (M); pregramento e metamorfismo do material M; intrusión magmática que ao arrefriarse deu lugar á rocha intrusiva P; intrusión magmática que ao arrefriarse deu lugar á rocha intrusiva N con estrutura de dique; emersión, erosión; sedimentación dos materiais grosos que deron lugar aos conglomerados (K), sedimentación de materiais finos que orixinaron lutitas (J) e sedimentación de materiais areosos que orixinaron areniscas (I); basculamento e erosión; sedimentación dos materiais grosos que deron lugar aos conglomerados (H), sedimentación de materiais finos que orixinaron lutitas (F) e sedimentación de materiais areosos que orixinaron areniscas (E); inmersión e, por transgresión (medio mariño) formación de calcarias (D) no Mesozoico, identificadas pola presenza de Belemnite; emersión e erosión; sedimentación dos materiais finos que orixinaron lutitas (B); erosión fluvial que deu lugar á formación dun val; intrusión magmática que deu lugar a formación da rocha intrusiva (G) e á rocha volcánica (A); erosión xeral.

PREGUNTA 3. Máximo 2.5 puntos polas explicacións correctas e razoadas do apartado 3.1 ou 3.2.

Pregunta 3.1.

- 3.1.1.:
 - o 0.5 ptos. por: explicación razoada dos tipos de límites que cortan a liña A-B: Converxente (placa de Nazca e placa Sudamericana), Diverxente (placa Sudamericana e placa Africana), Diverxente (Rift intracontinental africano).
 - o 0.5 ptos. por explicación razoada dos tipos de placas: Oceánica-Continetal, Oceánica-Oceánica, Continental- Continental.
- 3.1.2.:
 - o 0.5 ptos. por: indicar, de xeito razoado, que o magmatismo se produce nos tres límites indicados na pregunta 3.1.1.
 - o 1 pto. por: indicar, de xeito razoado, que o hipocentro sería máis profundo no limite converxente.

Pregunta 3.2.

- 3.2.1.: 1.25 ptos por: describir de xeito correcto a estrutura da atmosfera en función da súa temperatura.
- 3.2.2.: 1.25 ptos por: explicación correcta e razoada do Ciclo de Wilson e as súas etapas.

PREGUNTA 4. Máximo 2.5 puntos pola realización correcta do apartado 4.1 ou 4.2.

- 4.1.: máximo 2.5 ptos. 0.25 ptos. por emparellamento correcto
 - o 1A, 1C, 2H, 2J, 3B, 3E, 4D, 5F, 5G, 5I
- 4.2.: máximo 2.5 ptos.: 0.5 ptos. por frase correctamente construída e con significado xeolóxico.

A modo de exemplo, aínda que pode haber outras redaccións e asociacións correctas:

1. Haloclástia / Greta / Sal

A haloclástia intensifícase nas zonas áridas onde a cristalización do sal no interior das gretas das rochas provoca a súa expansión e fracturación progresiva.

2. Terraza litoral / Nivel do mar / Regresión

A presenza dunha terraza litoral elevada sobre o nivel actual do mar testemuña unha fase de regresión mariña asociada a movementos tectónicos.

3. Xeo / Abrasión / Estrías

O movemento basal do xeo glaciar produce abrasión nas rochas do substrato, deixando estrías lineais que indican a dirección do fluxo glaciar.

4. Terraza fluvial / Río / Inundación

As terrazas fluviais fórmanse cando un río encaixa o seu leito tras episodios de inundación e sedimentación, quedando os niveis antigos como testemuñas escalonadas da dinámica fluvial pasada.

5. Auga / Axente xeolóxico externo / Relevo

A auga actúa como un potente axente xeolóxico externo que modela o relevo mediante procesos combinados de erosión, transporte e sedimentación.